



San Domingos de Bonaval
15703 Santiago de Compostela
T 981 583620
F 981 554840
www.museodopobo.gal
info@museodopobo.gal

SIMPOSIO

REPENSANDO GALICIA: AS IRMANDADES DA FALA, 1916-931

Santiago de Compostela, 17-19 novembro 2016
Auditorio do Museo do Pobo Galego

En 2016 cúmprese o centenario da creación das Irmandades da Fala, primeiras organizacións do nacionalismo galego. A súa actividade política, cultural e lingüística implicou un importante punto de inflexión no devir do país en moitos ámbitos e sentou as bases da posterior consolidación de singularidades que chegarán aos nosos días. O presente Congreso pretende fornecer un marco de análise da súa significación na evolución do pensamento, das ciencias, da literatura e das artes de Galicia, así como a súa incidencia na dinámica política dun período en que as tensións nacionais e a conflitividade sociopolítica adquiren unha especial relevancia no seo do Estado español.

PROGRAMA

SESIÓN I. IDEOLOXÍAS E PROGRAMAS

Contidos: A idea de Galiza-nación nas Irmandades. Análise da ideoloxía nacionalista e das súas variantes. O pensamento político dos principais ideólogos. Os programas, con especial atención ao de Lugo (1918).

SESIÓN II. ORGANIZACIÓN E ACCIÓN POLÍTICA

Contidos: As estruturas organizativas das Irmandades da Fala e dos diferentes grupos nacionalistas até a fundación do Partido Galeguista. Funcionamento e tensións internas. Actuación política e participación electoral. Relacións con outras forzas políticas galegas.

SESIÓN III. LINGUA, LITERATURA E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Contidos: O salto cualitativo dos nacionalistas no uso público da lingua galega. A promoción do galego. O discurso lingüístico das IF. O segundo rexurdimento literario: xéneros e figuras. Os medios de comunicación propios. A influencia das IF na renovación da prensa galega.

SESIÓN IV. ECONOMÍA E SOCIEDADE

Contidos: As diagnoses da economía e da sociedade galegas por parte dos autores e dos periódicos vinculados ás IF, nomeadamente dos seus problemas maiores: atraso, emigración, cuestión agraria, comunicacións, aranceis e fiscalidade. Modelos de desenvolvemento propostos. Relacións do nacionalismo galego co agrarismo e co movemento obreiro na teoría e na práctica.

SESIÓN V. A CUESTIÓN DE XÉNERO NAS IRMANDADES DA FALA

Contidos: Dereitos das mulleres e enfoques de xénero en programas e escritos. Presenza feminina e prácticas de xénero nas IF.



San Domingos de Bonaval
15703 Santiago de Compostela
T 981 583620
F 981 554840
www.museodopobo.gal
info@museodopobo.gal

SESIÓN VI. CIENCIAS

Contidos: Achegas dende as IF á etnografía, á historia, á arqueoloxía, á xeografía, á pedagogía e ás ciencias da natureza. O Seminario de Estudos Galegos.

SESIÓN VII. ARTES PLÁSTICAS E MÚSICA

Contidos: Tradición e innovación en pintura, escultura, debuxo e música. Recuperación e promoción da música popular: as corais.

SESIÓN VIII. RELACIÓNS EXTERIORES

Contidos: Diálogo ideolóxico e relacións políticas e/ou culturais con Portugal e cos nacionalismos catalán, vasco e irlandés.

SESIÓN IX. ANÁLISE COMPARATIVA

Contidos: Mesa redonda destinada a encadrar o nacionalismo galego na evolución política española e a comparalo cos nacionalismos vasco e catalán. Participarán catro expertos en, respectivamente, nacionalismo catalán, vasco e galego, así como no Estado español.

ORGANIZACIÓN

FORMATO E PARTICIPACIÓN

As sesións I-VIII, dunha duración aproximada de dúas horas por sesión, terán o formato de taller ou seminario. En cada sesión haberá un/unha coordinador/a que a organizará e moderará o debate. Outra persoa, relator/a, recibirá os textos e os sintetizará ao comezo da sesión nuns 15/20 minutos, sinalando os temas principais de discusión. As comunicacións, de 40.000 caracteres con espazo como máximo, deberán ser enviadas por E-mail polo menos un mes antes da celebración do congreso para que sexa posible distribuílos coa antelación debida a todos os asistentes. Calquera persoa interesada poderá enviar unha proposta de comunicación cun máximo de 2.000 caracteres con espazo dentro do prazo establecido. O Comité Científico, formado pola Comisión Organizadora e os coordinadores, será o encargado de aceptar ou rexeitar as propostas. Ademais, a organización poderá invitar a presentar comunicación a quen estime conveniente.

Para a sesión IX os catro invitados enviarán previamente uns textos coa mesma extensión máxima que se recibirán e difundirán nos mesmos prazos.

Quen desexe asistir ao congreso, sexa como comunicante, sexa como mero asistente, deberá solicitalo antes das datas fixadas no calendario á seguinte dirección de E-mail: congresoirmmandades@museodopobo.gal, indicando: nome e apelidos, E-mail de contacto, teléfono e, no seu caso, título e resumo da comunicación. A participación é gratuíta.



San Domingos de Bonaval
15703 Santiago de Compostela
T 981 583620
F 981 554840
www.museodopobo.gal
info@museodopobo.gal

CALENDARIO

- . Data límite presentación de propostas de comunicación: 7 marzo 2016
- . Resposta ás propostas: 21 marzo 2016
- . Data límite de inscrición no Simposio: 30 setembro 2016
- . Data límite de recepción dos textos das comunicacións: 7 outubro 2016
- . Envío dos textos aos asistentes: 24-25 outubro 2016
- . Celebración do Simposio no Auditorio do Museo do Pobo Galego: 17-19 novembro 2016

COMISIÓN ORGANIZADORA: Justo Beramendi, Uxío Breogán Diéguez, Carmen Fernández Pérez-Sanjulián, Pilar García Negro e Xosé Manuel González Reboredo.

ENTIDADES CONVOCANTES E COLABORADORAS

- . Museo do Pobo Galego
- . Departamento de Galego-Portugués da Universidade da Coruña.
- . Fundación Alexandre Bóveda
- . Fundación Antonio Fraguas
- . Fundación Antonio Losada Diéguez
- . Fundación Bautista Álvarez
- . Fundación Castelao
- . Fundación Illa Couto
- . Fundación Galiza Sempre
- . Fundación Moncho Reboiras
- . Fundación Otero Pedrayo
- . Fundación Penzol
- . Fundación Rosalía de Castro
- . Fundación Vicente Risco
- . Federación de Entidades Culturais Galiza Cultura
- . Murguía, Revista Galega de Historia

PATROCINA

